

Texto e ilustracións: **MIGUEL ROBLEDO**

Encadernado en cartóné


72 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Vilaverzas"  
ISBN 84-8464-576-2. Colección BD Banda

-Castelán: "Vilaverzas"  
ISBN 84-934713-7-2. Colección BD Banda

Prezo: 14 €



## VILAVERZAS

**A Vilaverzas chégase en autobús. Tobuso guíaranos por ese fantástico lugar e compartiremos asento con Mima, Gor e Ollomol. E xunto con eles, hai xigantes, ananos, seres indefinidos e toda unha fauna que non deixará a ninguén indiferente.**

Para coñecer os segredos desta fantástica aldea, perderse na súa paisaxe, comprender a idiosincrasia dos seus habitantes e gozar das súas aventuras hai que introducirse na mente de Miguel Robledo (Ourense, 1970): porque é na súa cabeza onde se gardan os planos de Vilaverzas...

Os lectores quedarán prendados destes fascinantes veciños: Gor, o neno adulto; o seu contrapunto -un adulto neno- Tobuso; Mima, unha apaixonada da lectura; e Ollomol, un simpático personaxe -metade pranta, metade humano- que se comunica cunha especie de pictogramas e que ten un carácter moi peculiar, mestura de inxenuidade e optimismo.

Coma calquera aldea que se precie, Vilaverzas ten en Vilamexilón o seu máis directo rival; e mesmo os veciños deste lugar posúen como principal característica de identidade o seu paralelismo á inversa cos paisanos de Vilaverzas; así, se Tobuso é o chófer do autobús, en Vilamexilón é unha conductora -Dulcinea- a que leva aos demais dun sitio a outro.

As fontes das que bebeu Robledo cando en 1999 naceu Vilaverzas -na primeira etapa da revista de banda deseñada galega 'Golfinho'- foron series de debuxos animados como 'Doutor Slump', e outras como 'Rugrats' e 'Thornberries'.

A relación de Miguel Robledo coa banda deseñada remóntase a 1998, cando comezou a publicar na revista 'Citania', para sumarse posteriormente ao 'Frente Comixario'. Fixo traballos para varios fanzines e xornais. Entre os galardóns que recibiu figuran en 1993 o 1º Premio no IX Concurso Galego de BD. Na actualidade traballa nun proxecto para Francia que consiste na adaptación para banda deseñada do mito de Gilgamesh, con guión de Nicolás Digard.

- **Temática:** banda deseñada de aventuras
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** os contidos adicionais do álbum constan dunha entrevista co autor, un making-off das historietas e homenaxes doutros debuxantes